



ADMISIÓN DO ALUMNADO CURSO 2020/2021

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

NORMATIVA REGULADORA

DECRETO 254/2012, do 13 de decembro polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

POSTOS ESCOLARES OFERTADOS PARA O CURSO 2020/2021 POR UNIDADES DE EDUCACIÓN INFANTIL

ESCOLA	ALUMNOS MATRICULADOS PARA O CURSO 2020/2021	Nº DE PRAZAS VACANTES
BEXO	8	12
LAÍÑO	7	13
LESTROBE	4	16
VIGO	6	14
TOTAL:	25	55

NOTA: Reservaranse 3 prazas para atender á escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. As devanditas prazas non adxudicadas, asignaranse dentro do procedemento ordinario de admisión.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Do 1 ao 20 de marzo, ambos incluídos	SOLICITUDE DE ADMISIÓN	<p>Presentar a solicitud (dúas primeiras follas do ANEXO II da Orde do 25 de xaneiro de 2017) no centro solicitado en primeiro lugar. Deberá ser asinada por calquera das/os titulares da patria potestade. O mencionado ANEXO II será facilitado na sede administrativa do CRA de Dodro. Tamén poderá cumprimentarse ou descargarse na aplicación <i>admisionalumnado</i> da CEUFP.</p> <p>Achegar copia do DNI do alumna/o ou copia do libro de familia e copia do DNI dos pais/titores legais.</p> <p>Esta documentación presentárase na sede administrativa do CRA de Dodro no horario de dirección que figura nos taboleiros das escolas.</p>
Do 1 ao 14 de abril	Presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, <u>SÓ NO CASO DE HABER MÁIS DEMANDA DE PRAZAS QUE AS OFERTADAS</u>	Presentación das follas 3, 4 e 5 do ANEXO II xunto coa documentación acreditativa correspondente.
Antes do 25 de abril	Publicación das listaxes provisionais de admitidos/as e non admitidos/as	Reclamación no prazo de 5 días hábiles dende a súa publicación ante o Consello Escolar.
Antes do 15 de maio	Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e non admitidos/as	Recurso de alzada ante a Xefatura Territorial no prazo dun mes dende a súa publicación.
Do 20 ao 30 de xuño, ambos incluídos	FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA	<p>Presentar o documento de formalización de matrícula (ANEXO III-1 da Orde do 12 de marzo).</p> <p>Achegar copia da tarxeta sanitaria e 2 fotos tamaño carné.</p>

NOTA INFORMATIVA:

1º. Só se pode presentar **unha única solicitud** no centro no que solicite praza en primeiro lugar. Non sendo así perderá os dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2º. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitud de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

3º. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitud de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

Segundo o recollido nas Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o proceso de admisión de alumnado para o curso académico 2020-2021 no apartado 7. a) e b), a consulta por parte das familias das listaxes provisionais e definitivas só se poderá realizar de forma:

PRESENCIAL no taboleiro de anuncios situado no interior do edificio escolar, ou NON PRESENCIAL única e exclusivamente a través da aplicación admisionalumnado empregando a Chave365 ou certificado dixital da Fábrica Nacional da Moneda e Timbre.